

Incentivos fiscais ao mecenado 2020.

FGDA é unha federación deportiva e entidade sen fin lucrativo, e é tamén unha entidade beneficiaria da Lei de Mecenado.

Calquera persoa física ou xurídica que faga donativos, doazóns ou achegas a favor de FGDA, poderá acollerse ós incentivos fiscais da Lei de Mecenado. Porén, tamén as empresas poderán facer achegas mediante convenios de colaboración empresarial.

A continuación establecemos uns cadros de información resumidos sobre os beneficios fiscais¹:

Achegas efectuadas por persoas físicas:

ACHEGAS	IMPOSTO DA RENDA (IRPF)²		LÍMITES
	Base de dedución Importe ata	Porcentaxe de dedución (%)	
Doazóns (cartos, bens ou dereitos)	150 €	Dereito a deducir da cota íntegra o 80 % da base de dedución.	A base das deducións non poderá exceder do 10 % da base liquidable do contribuínte.
	Para o resto da base de dedución por riba dos 150 €	Dedución do 35 % ou 40%* da base de dedución.	

** Cando nos dous períodos impositivos inmediatos anteriores, o contribuínte teña realizado doazóns con dereito a dedución en favor da mesma entidade por importe igual ou superior, en cada un deses períodos, ao do exercicio anterior, procede aplicar o 40% sobre a base da dedución en favor desa mesma entidade que exceda de 150 euros.*

Achegas efectuadas por persoas xurídicas:

ACHEGAS	IMPOSTO DE SOCIEDADES (IS)	LÍMITES
Doazóns (cartos, bens ou dereitos)	Dereito a deducir da cota íntegra o 35% ou 40%** da base de dedución. (Aplicación ata en 10 anos).	A base desta dedución non poderá exceder do 10 % da base imponible do período impositivo.
Convenios de colaboración empresarial	Teñen carácter directo de gasto fiscal no IS. Non poden xeral deducións adicionais na base imponible nin na cota íntegra.	Non están suxeitos a ningún límite.

*** Cando nos dous períodos impositivos inmediatos anteriores, o contribuínte teña realizado doazóns con dereito a dedución en favor da mesma entidade por importe igual ou superior, en cada un deses períodos impositivos, ao do exercicio anterior, procede aplicar o 40% sobre a base da dedución en favor desa mesma entidade.*

1 *Esta información non é exhaustiva. Recomendamos que cada contribuínte proceda a asesorarse sobre os beneficios, límites e deducións en exercicios posteriores, que lle poidan corresponder en función das súas situacións particulares.*

2 *Porcentaxes de dedución actualizados segundo a norma do RDL 17/2020 de 5 de maio de 2020; Disposición final segunda. Publicado no BOE de 06/05/2020 e con carácter de vixencia dende o 01/01/2020.*